

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS
RESOLUCIÓNS E ACORDOS
CONTRARIOS AOS REPAROS E DOS
ACORDOS ADOPTADOS CON
OMISIÓN DO TRÁMITE DE
FISCALIZACIÓN PREVIA**

**DEPUTACIÓN DE OURENSE
EXERCICIO 2014-2015**

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN.....	1
I.1 ANTECEDENTES	1
I.2 XUSTIFICACIÓN DA FISCALIZACIÓN	1
I.3 AMBITO DA FISCALIZACIÓN	2
I.4 OBXECTIVOS	2
I.5 NORMATIVA LEGAL	3
I.5 LIMITACIÓNS AO ALCANCE.....	4
II. CONSIDERACIÓNS DE CARÁCTER XERAL	5
II.1 O CONTROL INTERNO.	5
II.2 ACORDOS CONTRARIOS A REPAROS.....	6
II.3 EXPEDIENTES CON OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN PREVIA.....	7
II.4 NORMATIVA EN MATERIA DE RESPONSABILIDADES.....	8
II.4.1 RESPONSABILIDADE DAS AUTORIDADES E PERSOAL.....	8
II.4.2 RESPONSABILIDADE ESPECÍFICA DOS ÓRGANOS DE INTERVENCIÓN	9
II.4.3 RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS	10
III. RESULTADO DO TRABALLO	11
V. CONCLUSIÓNS	11
TRÁMITE DE ALEGACIÓNS.....	13
RÉPLICA ÁS ALEGACIÓNS.....	19

SIGLAS

CE: Constitución española

LRBRL: Lei reguladora das bases de réxime local

LRXAPPAC: Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

LXT: Lei xeral tributaria

LXO: Lei xeral orzamentaria

TRLRFL: Texto refundido da lei reguladora das facendas locais

TRLCSP: Texto refundido da lei de contratos do sector público

LRNAL: Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local

EBEP: Estatuto básico do empregado público

LOXE: Lei de orzamentos xerais do estado

LGS: Lei xeral de subvencións

LSG: Lei de subvencións de Galicia

EAG: Estatuto de Autonomía de Galicia

LALG: Lei de administración local de Galicia

LOXCAG: Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

LOTG: Lei orgánica do Tribunal de Contas.

LFTG: Lei de Funcionamento do Tribunal de Contas.

LCCG: Lei do Consello de Contas de Galicia

REC: Recoñecementos extraxudiciais de crédito

I. INTRODUCCIÓN

I.1 ANTECEDENTES

De conformidade co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Pleno da Institución, en sesión celebrada o 4 de decembro de 2015, acordou incluír no seu programa anual de actuacións para 2016 a realización dun informe de fiscalización relativo aos acordos e resolucións contrarios aos reparos formulados polos interventores locais e as anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre os acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa.

I.2 XUSTIFICACIÓN DA FISCALIZACIÓN

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), modificou diversas normas reguladoras da organización, a xestión e o control do Sector Público Local, entre elas, o artigo 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL). O número 3 do devandito artigo establece a obriga para os órganos de Intervención das entidades locais de remitir ao Tribunal de Cuentas os acordos e resolucións adoptados polo órgano competente das devanditas entidades nos que concorran posibles irregularidades ou deficiencias postas de manifesto no exercicio da función interventora e que desen lugar ao oportuno reparo, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Esta obriga de remisión ten que cumprimentarse dende o exercicio 2014.

Para facer efectivo o cumprimento deste deber ditouse a Instrución que regula a remisión telemática de información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa, aprobada polo Pleno do Tribunal de Cuentas do 30 de xuño de 2015, e a instrución relativa ao artigo 218.3 do texto refundido da Lei de facendas locais, en relación coa información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa, aprobada por Acordo do Pleno do Consello de Contas do 27 de xaneiro de 2016. De acordo coa citadas instrucións, a información a remitir é a seguinte:

- Información xeral relativa ao funcionamento do control interno da entidade.
- Información de cada un dos acordos e resolucións adoptadas en contra de reparos

interpostos pola intervención local, acompañadas no seu caso de copia dos acordos e informes emitidos.

- Información sobre os expedientes administrativos de gastos ou acordos tramitados ao marxe do procedemento e con omisión do trámite de fiscalización previa, fosen ou non instrumentados mediante expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, acompañados no seu caso polos acordos e informes emitidos.

- Información relativa ás principais anomalías en materia de ingresos

A remisión da devandita información deberá realizarse a través da Plataforma de Rendición de Contas das Entidades Locais.

O prazo máximo para a remisión da información relativa ao exercicio 2014 estableceuse antes do 15 de outubro de 2015. Para o exercicio 2015 e seguintes a remisión debe efectuarse antes do 30 de abril do exercicio seguinte ao que se refiran.

I.3 AMBITO DA FISCALIZACIÓN

O ámbito subxectivo da fiscalización esta constituído polas entidades locais sometidas a control interno baixo a modalidade de fiscalización previa, ás que resulta de aplicación o artigo 218.3 do TRLRFL, delas seleccionouse como mostra as entidades seguintes:

- As 7 grandes cidades galegas (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo).

- As 4 Deputacións Provinciais.

O ámbito obxectivo está formado pola información e documentación remitida polos órganos de intervención das entidades locais sobre os acordos contrarios a reparos, os expedientes acordados con omisión de fiscalización previa e as anomalías en materia de ingresos, deles seleccionáronse como mostra todos os de importe superior a 50.000 euros.

O ámbito temporal abarca aos exercicios 2014 e 2015

I.4 OBXECTIVOS

Os obxectivos específicos desta fiscalización consisten en:

- Obter información sobre a situación dos órganos de control interno: persoal do que dispoñen e función de control desenvolta.

- Verificar o cumprimento da obriga de remitir a información sobre os acordos contrarios a reparos formulados pola Intervención local, os expedientes con omisión de fiscalización previa e as principais anomalías de ingresos das entidades locais do respectivo ámbito territorial. Prestarase especial atención ás entidades que formen parte da mostra seleccionada.
- Determinar as situacións e causas concretas que deron lugar a acordos contrarios a reparos formulados pola Intervención local, a expedientes con omisión de fiscalización previa e ás principais anomalías de ingresos.
- Identificar as áreas de maior risco na xestión das entidades locais que resulte da información remitida polos órganos de Intervención.

En consecuencia, trátase da análise cualitativa e cuantitativa dos tipos de operacións, situacións e causas que deron lugar aos acordos contrarios a reparos e á tramitación de expedientes con omisión de fiscalización previa.

I.5 NORMATIVA LEGAL

A normativa reguladora da materia obxecto de fiscalización inclúese fundamentalmente nas seguintes disposicións:

- Constitución Española do 27 de decembro de 1978 (BOE nº 311, do 29 de decembro).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril, rectificadora no BOE nº 139, do 11 de xuño), e sucesivas modificacións, entre outras a Lei 4/1996, do 10 de xaneiro, pola que se modifica a Lei 7/1985.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro que regula as Facendas Locais.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro de 1992).
- Real decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial (BOE nº 106, do 4 de maio).
- Circular 3/1996, do 30 de abril de 1996, da Intervención xeral da Administración do Estado, pola que se ditan instrucións sobre o exercicio da función interventora.
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria (BOE do 18 de decembro de 2003).

- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral orzamentaria (BOE nº 284, do 27 de novembro do 2003).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro).
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (BOE nº 59, do 9 de marzo; corrección de erros no BOE nº 63, do 13 de marzo).
- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (BOE nº 89, do 13 de abril).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público (BOE nº 276, do 16 de novembro).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da administración local (BOE nº 312, do 30 de decembro).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE nº 295, do 10 de decembro de 2013).
- Estatuto de Autonomía de Galicia, (DOG nº 101, do 1 de outubro de 1981).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG nº 149, do 5 de agosto).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007).
- Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas (BOE nº 121, do 21 de maio).
- Lei 7/1988, do 5 de abril, do Funcionamento do Tribunal de Cuentas (BOE nº 84, do 7 de abril).
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia (DOG nº 130, do 9 de xullo).

I.5 LIMITACIÓNS AO ALCANCE

A Deputación de Ourense non cumpriu coa obriga establecida no artigo 218.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, que regula que o órgano Interventor remitirá anualmente ao Consello de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo presidente da entidade local e polo pleno da corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das

principais anomalías detectadas en materia de ingresos.

Tampouco atendeu ao requirimento formulado polo Consello de Contas en data 19 de xullo de 2016.

II. CONSIDERACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

II.1 O CONTROL INTERNO.

O control interno dunha entidade local execútase polo órgano interventor a través de dúas modalidades: a función interventora e o control financeiro.

O artigo 214.1 do TRLRFL establece o que “A función interventora terá por obxecto fiscalizar todos os actos das entidades locais e dos seus organismos autónomos que dean lugar o recoñecemento u liquidación de dereitos o obrigas ou gastos de contido económico, os ingresos e pagos que daqueles se deriven, e a recadación, inversión e aplicación en xeral, dos caudais públicos administrados co fin de que a xestión se axuste as disposicións vixentes. O seu exercicio comprenderá:

- a) A intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos u obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores.
- b) A intervención formal da ordenación do pago.
- c) A intervención material do pago.
- d) A intervención e comprobación material das investimentos e da aplicación das subvencións.

Entendéndose por fiscalización previa a facultade que compete ao órgano interventor de examinar, antes de que se dite a correspondente resolución, todo acto, documento ou expediente susceptible de producir efectos ou obrigas de contido económico ou movementos de fondos ou valores, coa finalidade de asegurar segundo o procedemento legalmente establecido, a súa conformidade coas disposicións aplicables en cada caso. En atención á súa intensidade, a función interventora practícase ordinariamente de forma plena ou alternativamente limitada previa.

Pola súa parte, o control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos da entidade local no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento normativo e o axuste aos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos se axusta aos principios de eficacia, eficiencia, economía, transparencia, estabilidade

orxamentaria e sustentabilidade financeira. Esta modalidade de control realizase mediante o control permanente e a auditoría pública.

II.2 ACORDOS CONTRARIOS A REPAROS

No ámbito da administración local, o TRLRFL establece un control previo de legalidade, denominado función interventora, co obxecto de garantir que a actuación administrativa axústase ao procedemento legalmente establecido e ás disposicións reguladoras da administración e xestión de fondos públicos.

Por definición a función interventora exerceuse con carácter previo sobre todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigacións de contido económico ou movemento de fondos de valores.

Cando o órgano interventor maniféstase en desacordo co fondo ou forma de acto, documento ou expediente examinado, formula de forma motivada un reparo por escrito, que terá carácter suspensivo nos supostos do artigo 216.2 TRLRFL, é dicir, cando o gasto o propoña órgano incompetente, cando se aprecien graves irregularidades na documentación xustificativa do recoñecemento da obriga ou cando se omitan requisitos ou trámites esenciais, que puidesen dar lugar á nulidade do acto.

Se o órgano xestor acepta o reparo, pode desistir da tramitación do expediente ou emendar a deficiencia observadas e remitir de novo as actuacións ao órgano interventor; cando non o acepte, exporá unha discrepancia ao Presidente da entidade local ou ao Pleno, cando o reparo se base na insuficiencia de crédito ou se refira a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

A discrepancia debe formularse por escrito, recollendo unha motivación suficiente que inclúa a cita dos preceptos legais en que o órgano xestor sustente o seu criterio. Resolta a discrepancia, continua a tramitación do expediente, no que debe deixarse constancia ben da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou ben da motivación que xustifique a non aplicación do criterio establecido polo órgano de control. Debe terse en conta que as opinións do órgano de control, non prevalecen sobre as do órgano xestor.

O órgano de control elevará ao Pleno un informe anual de todas as resolucións adoptadas polo Presidente contrarias aos reparos efectuados. E remitirá anualmente ao Tribunal de Contas e, no seu caso, ao órgano de control externo autonómico correspondente, todas as resolucións e acordos adoptados polo presidente e o Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados.

Polo tanto, un acordo contrario a reparo é consecuencia dunha discrepancia producida por un reparo interposto polo órgano de intervención no exercicio da fiscalización previa á adopción ou aprobación do acto administrativo. Se o interventor analizou unha proposta, o expediente deberá ser rexistrado como “acordo contrario a reparo”.

II.3 EXPEDIENTES CON OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN PREVIA

A omisión da función interventora ten lugar cando sendo a fiscalización preceptiva, o órgano xestor aproba un acto de contido económico sen o concurso previo dun informe fiscal favorable. A irregularidade derivada da omisión da función interventora, de acordo coa doutrina e xurisprudencia maioritaria, carrega a anulabilidade do acto e non a súa nulidade radical. Pero segundo o artigo 156 LXO, o acordo favorable unicamente emenda ou valida a omisión do trámite de fiscalización, sen alcanzar ao resto de irregularidades, que deberan emendarse conforme ao establecido na LXPAC ou TRLCSP aínda que nada impide, que en aplicación do artigo 67 LXPAC (na actualidade artigo 52 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas), tamén se saneen os vicios causantes de anulabilidade do acto.

O principal problema que se deriva da omisión da función interventora é que os actos aprobados con omisión de fiscalización poidan levar aparellados a comisión doutras irregularidades administrativas, que afecten á validez e eficacia dos actos administrativos adoptados, en especial cando a función interventora se omite na fase de fiscalización previa.

No ámbito local nin TRLRFL nin RD 500/1990 prevén o procedemento a seguir en caso da omisión da función interventora, aínda que pode aplicarse supletoriamente o procedemento previsto na LXO para o sector público estatal. Á data de presentación deste informe xa está publicado o Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, que se expresa en termos similares aos sinalados. O devandito réxime xurídico entrará en vigor o 1 de xullo de 2018.

O procedemento de emenda (validación) iniciase cun informe do Interventor, no que porá de manifesto as infraccións ao ordenamento xurídico, as prestacións que se realizaron, a existencia de crédito adecuado e suficiente, así como a posibilidade e conveniencia da revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento xurídico. A IGAE ten regulado na súa Circular 3/1996 que a procedencia da devandita revisión será apreciada polo interventor atendendo a se se realizaron ou non as prestacións (a falta de prestacións impide o enriquecemento inxusto), o carácter destas e a súa valoración (se se realizaron de boa fe e a prezos de mercado), así como dos

incumprimentos legais que se produciron. Dado que o artigo 67 LRXPAC (na actualidade artigo 52 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas), impide a convalidación de actos nulos de pleno dereito, o resultado da revisión deste tipo de actos materializarase pola vía da indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración, ao terse producido un enriquecemento inxusto no seu favor; por razóns de economía procesual, só será pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe das devanditas indemnizacións vaia ser inferior ao que se propón.

En canto ao órgano competente para a adopción de expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa, cabe sinalar que no ámbito da Administración Local esta materia non se atopa regulada, en consecuencia, existe certa disparidade nos procedementos que utilizan as entidades locais. Así, existen entidades nas que estes expedientes se tramitan utilizando o procedemento que a LXO regula para a Administración Xeral do Estado (artigo 156) e en consecuencia adoita ser o Pleno, ou, en materia de contratación en entidades nas que é competente, a Xunta de Goberno.

Outras entidades, polo contrario, empregan outros procedementos, desenvolvidos ou non nas súas bases reguladoras, nos que establecen o órgano titular da competencia para adoptar estes acordos (que nalgúns casos denominan “convalidación”) nos que se decide continuar ou concluír o procedemento de gasto aínda existindo omisión de fiscalización previa.

II.4 NORMATIVA EN MATERIA DE RESPONSABILIDADES

II.4.1 RESPONSABILIDADE DAS AUTORIDADES E PERSOAL

Á marxe do indicado respecto da tramitación do expediente administrativo que se entenda procedente no caso de terse producido unha contratación irregular mediante a validación do acto ou acudindo á revisión de oficio, poden xurdir responsabilidades de diversa natureza respecto dos funcionarios e ou autoridades que cometeron ou consentiron a contratación irregular.

As distintas responsabilidades en que poden incurrir as autoridades e funcionarios nestes casos son:

- Responsabilidade administrativa patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas polos danos e prexuízos causados, de conformidade coa DA 19ª TRLCSP: a responsabilidade patrimonial de autoridades e funcionarios derivada das súas actuacións en materia de contratación polos danos causados a particulares e á propia Administración esixírase conforme ao establecido no LRXPAC.

- Responsabilidade contable, concibida como unha responsabilidade civil extracontractual derivada do principio xeral de obrigación de indemnizar danos previsto no Código civil.
- Responsabilidade penal, derivada das condutas punibles recollidas no Código penal.
- Responsabilidade disciplinaria, regulada no Estatuto básico do empregado público.

Adicionalmente, a Lei de transparencia e bo goberno introduce nos seus artigos 27 e 28 un conxunto de infraccións e sancións en materia de xestión económico financeira, recollendo como infraccións moi graves as seguintes condutas, cando sexan culpables: comprometer gastos, recoñecer obrigacións ou ordenar o pago con infracción da LXO, así como a omisión do trámite de fiscalización ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte aos reparos suspensivos da Intervención.

Estas condutas poden ser sancionadas coa obrigación de indemnizar e a posible destitución do cargo.

II.4.2 RESPONSABILIDADE ESPECÍFICA DOS ÓRGANOS DE INTERVENCIÓN

O artigo 218 do TRLRFL logo da modificación introducida pola LRSAL, establece no apartado III a obriga dos órganos de intervención das entidades locais de remitir anualmente o Tribunal de Cuentas todas as resolucións e acordos adoptados polo presidente da entidade local e polo Pleno da corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Engade a maiores o citado artigo que, á citada documentación deberá de acompañar, no seu caso, os informes xustificativos presentados pola corporación local.

A obriga á que se refire o parágrafo anterior debe cumprimentarse dende o exercicio 2014.

Co obxecto de establecer a forma, o alcance e o procedemento para facer efectivo o cumprimento desta obriga, procedeuse a aprobar por acordo do Pleno do Tribunal de Cuentas, de 30 de xuño de 2015, a *"Instrución que regula a remisión telemática da información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa e por acordo do Pleno do Consello de Contas, do 27 de xaneiro de 2016, a instrución relativa o artigo 218.3 TRLRFL, en relación coa información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa"*. De conformidade coas mesmas, a información a

remitir a Tribunal de Cuentas é a seguinte:

- Información xeral relativa ao funcionamento do control interno da entidade local, así como a cuestións concretas vinculadas ao exercicio do devandito control.
- Información de cada un dos acordos e resolucións adoptados en contra dos reparos interpostos pola intervención local, acompañados no seu caso, de copia dos acordos e informes emitidos..¹
- Información sobre os expedientes administrativos de gastos e acordos tramitados ao marxe do procedemento e con omisión de fiscalización previa, fosen ou non instrumentados mediante expedientes extraxudiciais de crédito, acompañados, no seu caso, dos acordos e informes emitidos..²

A remisión da toda a información exposta realizarase por procedemento telemático a través dun módulo específico situado na plataforma de rendición de contas das entidades locais chamado "módulo reparos". O prazo máximo para o envío da documentación do 2014 estableceuse antes do 15 de outubro do 2015. Para o exercicio 2015 e seguintes, a remisión debe efectuarse antes do 30 de abril do exercicio seguinte ao que se refiran.

II.4.3 RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

A responsabilidade do Consello de Contas de Galicia, limítase a expresar unha conclusión relativa ao cumprimento, por parte das entidades que compoñen o ámbito subxectivo deste informe, da obriga de remitir a información a que se fai referencia no punto anterior.

A maiores, e para alcanzar os obxectivos establecidos no apartado "1.4 Obxectivos", realizouse sobre as entidades da mostra unha análise da documentación remitida polas mesmas, a través da plataforma de rendición, así como sobre toda a información solicitada polo Consello ás citadas entidades.

¹ No caso de que o importe supere os 50.000 euros, deberase xuntar copia dos seguintes documentos: acordos do pleno; da xunta de goberno local e do presidente da entidade local nos que se resolva continuar coa tramitación dos expedientes de gastos en contra do criterio expresado no reparo do interventor; informe xustificativo que motiven o acordo ou resolución do pleno da xunta de goberno local ou do presidente da entidade local; no seu caso informe do órgano de tutela financeira e por último, informe ou nota de intervención na que se formula o reparo.

² No caso de que o importe supere os 50.000 euros, deberase xuntar copia dos seguintes documentos: acordos do pleno; da xunta de goberno local e do presidente da entidade local na que se acorde a realización do gasto; informe do órgano interventor e informe xustificativo do órgano xestor do gasto.

III. RESULTADO DO TRABALLO

O artigo 218.3 do Texto refundido da Lei de facendas locais, establece que o órgano Interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da comunidade autónoma todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da entidade local e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos así como os acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización. Á citada documentación deberá acompañar, no seu caso, os informes xustificativos presentados pola Corporación Local.

O prazo máximo para a remisión da información relativa ao exercicio 2014 estableceuse antes do 15 de outubro de 2015. Para o exercicio 2015 e seguintes a remisión debe efectuarse antes do 30 de abril do exercicio seguinte ao que se refiran.

Vencidos os prazos, o 19 de xullo de 2016 requírese ao órgano de Intervención da Deputación de Ourense para que cumprise con dita obriga.

Á data de redacción deste informe, o órgano de intervención da Deputación de Ourense non enviou telemáticamente a través da Plataforma de Rendición de Contas a información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre os acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización dos exercicios 2014 e 2015.

V. CONCLUSIÓNS

Como resultado do traballo realizado, fórmulanse as seguintes conclusións:

1. O artigo 23.1 da Lei 6/1985 do Consello de Contas establece que todas as entidades e persoas do sector público galego colaborarán co Consello de Contas no exercicio das súas funcións, estando obrigadas a subministrarlle cantos datos, estados, documentos, antecedentes ou informes lles solicite. Precisando no artigo 23.3 que o incumprimento dos requirimentos do Consello poderán supoñer a aplicación das multas coercitivas previstas nestas lei.
2. O artigo 28 da Lei 6/1985 establece que no caso de incumprimento dos requirimentos poderá impoñer multas ata a contía de un mes dos seus haberes ao persoal ao servizo das entidades do sector público da Comunidade Autónoma, dándose conta a autoridade da que dependa aos efectos que adopten aquelas outras medidas que coide convenientes.

3. A lei 19/2013 de Transparencia, acceso á Información Pública e bo goberno tipifica nos artigos 27 e 28, como faltas moi graves entre outras, o incumprimento das obrigas de publicación ou subministración de información previstas na normativa orzamentaria e económico financeira, sempre que neste último caso se houberse formulado requirimento. Na Deputación de Ourense pode terse incorrido en supostos de infraccións graves ou moi graves polo incumprimento relativo á remisión da información anteriormente descrita.
4. En cumprimento do establecido no artigo 23.3 da Lei 6/1985, o Consello de Contas pon en coñecemento do Parlamento de Galicia a falta de colaboración no prazo establecido dos obrigados a prestala da Deputación de Ourense. Non obstante, sinalar que a Deputación de Ourense procedeu ao cumprimento extemporáneo da obriga de remitir a información solicitada correspondente aos exercicios 2014 e 2015, xa que se procedeu a súa remisión durante o prazo concedido para a formulación de alegacións³.


³ Parágrafo modificado no trámite de alegacións.

TRÁMITE DE ALEGACIONES



DEPUTACION PROVINCIAL
OURENSE

INTERVENCIÓN



ALEGACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE O ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS RESOLUCIÓN E ACORDOS CONTRARIOS OS REPAROS E DOS ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA DOS EXERCICIOS 2014 E 2015.

Recibido nesta Deputación, escrito de data 14 de xullo de 2017 do Consello de Contas de Galicia, acompañado de anteproxecto de informe de fiscalización das resolución e acordos contrarios aos reparos e dos acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa dos exercicios 2014 e 2015.

A Intervención desta Deputación, constatada a omisión motivadora das conclusións do informe de fiscalización, procedeu a cumprimentar polo procedemento telemático habilitado no módulo específico situado na plataforma de rendición de contas das entidades locais chamado "módulo de reparos", a información requerida referida os exercicios de 2014 e 2015, atopándose esta información, no día de hoxe, na situación de **enviada**. Acheganse como documentos adxuntos destas alegacións os xustificantes do devandito envío.

Esta situación de información enviada é a que se solicita se incorpore o anteproxecto de informe de fiscalización das resolución e acordos

contrarios os reparos e dos acordos adoptados con omisión de trámite de fiscalización previa nos exercicios de 2014 e 2015, neste trámite de alegacións.

Ourense, 10 de agosto de 2017

O VICEPRESIDENTE

The image shows a handwritten signature in black ink, which appears to be 'R. Fernández Fernández'. To the right of the signature is a circular official seal. The seal contains the text 'DEPUTACIÓN PROVINCIAL' at the top and 'OURENSE' at the bottom, with a central emblem featuring a crown and other heraldic symbols.

Asdo.:Rosendo Fernández Fernández

SRA. CONSELLEIRA DE CORPORACIÓN LOCAIS.

CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA



Rendición de Cuentas

Justificante de Envío

La información relativa a acuerdos contrarios a reparos de la Entidad local con NIF P3200000B para el ejercicio 2015 ha sido recibida correctamente.

Fecha de Registro: 09-08-2017 14:07:00

Número de Registro: TELE2017666

Envío realizado por el usuario : 33326127R



Justificante de Envío

La información relativa a acuerdos contrarios a reparos de la Entidad local con NIF P3200000B para el ejercicio 2014 ha sido recibida correctamente.

Fecha de Registro: 09-08-2017 13:58:00

Número de Registro: TELE2017665

Envío realizado por el usuario : 33326127R

RÉPLICA ÁS ALEGACIONES

En cumprimento do disposto no artigo 47 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas, aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas o día 23 de febreiro de 2017, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 46, de 7 de marzo de 2017, o Vicepresidente da Deputación de Ourense, no prazo sinalado no escrito de remisión do anteproxecto de informe de fiscalización do Consello de Contas, formulou as correspondentes alegacións, que tiveron entrada no Consello de Contas o 14 de agosto de 2017.

En relación co seu contido e tratamento, independentemente das aclaracións e puntualizacións que en cada caso figuran nas réplicas, cómpre sinalar con carácter xeral que excepto nos casos concretos que así o requiran, non se valoran as alegacións que confirmen deficiencias ou irregularidades sinaladas no informe; que expoñan criterios e opinións sen soporte documental ou normativo ou ben que non rebatan o contido do informe, senón que se trate de explicacións ou xustificacións sobre actuacións da entidade fiscalizada. Nos supostos nos que se modifica total ou parcialmente o contido dalgún punto do informe, indicárase este feito expresamente mediante nota ao pé de páxina.

Réplicas ás alegacións do Vicepresidente da Deputación de Ourense.

Alegación.

*A Intervención desta Deputación, constatada a omisión motivadora das conclusións do informe de fiscalización, procedeu a cumprimentar polo procedemento telemático habilitado no módulo específico situado na plataforma de rendición de contas das entidades locais chamado 2 modulo de reparos”, a información requirida referida aos exercicios 2014 e 2015, atopándose esta información no día de hoxe na situación de **enviada**. Achéganse como documentos adxuntos destas alegacións os xustificantes do devandito envío.*

Observacións:

Á vista das explicacións e da documentación aportada e tendo en conta que a entidade Deputación de Ourense procedeu no prazo de formulacións de alegacións a remitir a información solicitada relativa aos exercicios 2014 e 2015.

Consecuencia:

- Modifícase o parágrafo 4 das conclusións nos seguintes termos

4.- En cumprimento do establecido no artigo 23.3 da Lei 6/1985, o Consello de Contas pon en coñecemento do Parlamento de Galicia a falta de colaboración no prazo establecido dos

obrigados a prestala da Deputación de Ourense. Non obstante, sinalar que a Deputación de Ourense procedeu ao cumprimento extemporáneo da obriga de remitir a información solicitada correspondente aos exercicios 2014 e 2015, xa que se procedeu a súa remisión durante o prazo concedido para a formulación de alegacións.